



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 2 DE MARZO DE 2017

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as **09:10 horas** do día **2 marzo de 2017**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión extraordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1- Acta do 02/02/2017.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

2.1.- Licenza de obra. Expediente 6/2017

2.2.- Comunicacions previas de obra.

2.3.- Declaración de caducidade de licenza urbanística. Expediente 142/2015

2.4.- Declaración de caducidade de licenza urbanística. Expediente 435/2006

3.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNES.

1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente a sesión extraordinaria do 2 de febreiro de 2017.



2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ Finalizadas as obras debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ Prazo de execución: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.



11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: *“dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

2.1) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 6/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. J** solicitou en data 18/01/2017 (r.e 301) licenza municipal para “**parcelación**” dunha finca situada no lugar de A Coviña- Xuño, coa referencia catastral 15072A030019840000PX, segundo o proxecto de parcelación redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. M** de data xaneiro de 2017.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo n^o **6/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 21/02/2017 e o informe de Secretaría de data 27/02/2017.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. J** a licenza municipal solicitada para “**parcelación de finca**” situada no lugar de A Coviña- Xuño, coa referencia catastral 15072A030019840000PX segundo o proxecto de parcelación redactado polo enxeñeiro técnico forestal D. M** de data xaneiro de 2017, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

Obxecto da solicitude:

Preséntase o proxecto de parcelación da finca con referencia catastral 15072A030019840000PX cunha superficie de 2.319,00 m². Trala parcelación obtéñense dúas fincas que se nomean como “Finca 1” cunha superficie de 1.395m² en solo de núcleo rural e 61m² en solo rústico, e “Finca 2” cunha superficie de 860,00m² en solo de núcleo rural.



Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, follas 31-F e 32-F do PXOM, a parcela que se pretende parcelar está clasificada como **solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2.**

Condições urbanísticas das parcelas:

Finca matriz:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	Superficie bruta: 2.319,00m ² dos cales 64 m ² están clasificados como solo rústico
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4,5m dende o eixe do viario	> 4,5m dende o eixe do viario. Segundo planos
Fronte mínima	9m	47,56m

Fincas resultantes:

Finca 1:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	Superficie neta: 1.395,00m ² Superficie en solo rústico: 64m ²
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4,5m dende o eixe do viario	Segundo aliñacións. >4,5m dende o eixe do viario.
Fronte mínima	9m	31,49m

Finca 2:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	Superficie neta: 860,00m ²
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000 4,5m dende o eixe do viario	Segundo aliñacións. >4,5m dende o eixe do viario.
Fronte mínima	9m	16,07m

Cesión a viario:

Non procede cesión

Condições Particulares:

- A parcelación axustarase estritamente ao proxecto presentado visado con data 12.01.2017 e asinado por D. M**.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:



Taxa de tramitación	
Taxa pagada	278,28 €
Taxa definitiva	278,28 €
Pendente de pago	00,00 €

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

2.2) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

2.2.1.- Expediente nº 271/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 23/12/2016 (r.e. 8301) para realizar obras de “**construción de alpendre para apeiros de labranza**” na parcela situada no lugar de Seara de Afora – Noal, coas referencia catastral 15072A502023790000OX.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
7.662,94 euros	2%	153,26 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2.2.- Expediente nº 1/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. L** o 03/01/2017 (r.e. 38) para realizar obras de “**construción de peche**” na parcela situada en Cabanela, 42 - Noal, coa referencia catastral 15072A501000960001PH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:



Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
6.194,00 euros	2%	123,88 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2.3.- Expediente nº 3/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M^{**} o 05/01/2017 (r.e. 80) para realizar obras de “**arranxo de cuberta**” do inmovible situado no lugar de Seráns, 87 – San Pedro de Muro, coa referencia catastral 000600200MH91F0001ET.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.225,00 euros	2%	44,50 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2.4.- Expediente nº 8/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. A^{**} o 20/01/2017 (r.e. 363) para realizar obras de “**peche**” da parcela situada no lugar de Queiruga – Queiruga, coa referencia catastral 7544419MH927450000EH.



SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.700,00 euros	2%	34,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2.5.- Expediente nº 13/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 02/02/2017 (r.e. 567) para realizar obras de “**limpeza de fachada e colocación de vinilo**” da vivenda situada no lugar de Linteiros, 7 – Miñortos, coa referencia catastral 002100700NH03F00002WH.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.710,00 euros	2%	34,20 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2.6.- Expediente nº 14/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. M** o 03/02/2017 (r.e. 638) para realizar obras de “**conexión á rede municipal de saneamento**” do inmovible situado no lugar de Noal, coa referencia catastral 15072A501103760000OT.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.420,00 euros	2%	48,40 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2.7.- Expediente nº 18/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M** o 13/02/2017 (r.e. 792) para realizar obras de “**reforma de cuarto de baño**” da vivenda situada no lugar de Fonferrón, 36 - baixo C – Edificio Monte de Pilatos, con referencia catastral 9500607MH9299N0003YS.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.650,00 euros	2%	33,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.



2.2.8.- Expediente nº 20/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. M** o 14/02/2017 (r.e. 824) para realizar obras de “ **acondicionamento de camiño para acceso a casa e garaxe no interior da parcela**” situada no lugar de A Barcia, 7- Xuño, coa referencia catastral 000900300MH92B0001RO.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.053,80 euros	2%	81,08 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2.9.- Expediente nº 22/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada pola Urbanización Los Sauces o 17/02/2017 (r.e. 905) para realizar obras de “**reparación de filtracións no cuarto de máquinas de ascensor e cuberta**” do inmovible situado na rúa David Mariño Ramos, 40- Portosín, coa referencia catastral 4845001NH0344N1002QZ.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
940,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, Instalacións e



Obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.3) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 142/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada por resolución da Alcaldía- Presidencia núm. 406/2015, do 18 de xuño.

Visto que D^a. M** presentou unha instancia o 10/08/2016 (r.e. nº 5420) solicitando a devolución de 2.980,81 euros, en concepto de liquidacións tributarias satisfeitas en relación coa licenza de obra outorgada no expte. 142/2015.

Visto o informe de data 23/11/2016 dos servizos técnicos municipais, emitido no procedemento de devolución de ingresos instado por D^a. M**, dando conta de que:

- a licenza foi concedida en data 1 de outubro de 2015 pola Xunta de Goberno Local.
- ao día da data a obra está sen iniciar polo que se incumpriu o prazo dun ano para o inicio das obras contado desde a notificación da licenza, practicada o día 23/10/2015.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de data de 01/12/2016, no que en resumo se acordaba:

“**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento para declarar a caducidade da licenza de obras outorgada para pola Xunta de Goberno Local o 01/10/2015 a D^a. M** para a reforma e ampliación de galpón existente para destinalo a vivenda unifamiliar e bar cafetería.

SEGUNDO.- Outorgar aos interesados trámite de audiencia por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para que poida formular as alegacións e presentar os xustificantes que estime pertinentes ao seu dereito.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado co réxime de recursos aplicables.”

Considerando que artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), sinala que “no acto de outorgamento da licenza de edificación se determinarán os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses”.

Considerando que o art. 145.4 LSG establece que “a caducidade será declarada pola Administración Municipal logo do procedemento con audiencia do interesado” e tendo en conta que durante o prazo outorgado non se formularon alegacións.



Considerando que o art. 103 RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) dispón que cando se obteña a licenza de obra ou, de non solicitarse, concederse ou denegarse esta, se iniciase a construción, instalación ou obra, se practicará unha liquidación provisional do ICIO, e tendo en conta que de non realizarse o feito impositivo (construción da obra) non procede a liquidación do imposto (STS 14/09/2005, fundamento xurídico 2º), procede a devolución do ingresado a conta da liquidación definitiva do ICIO.

Considerando que segundo o art. 2.1 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación e expedición de documentos *“constitúe o feito impositivo da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, dos documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais con epígrafe na tarifa”* e tendo en conta que a solicitude que iniciou o expte. núm. 142/2015 foi tramitada e xerou a correspondente actividade administrativa.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local o 01/10/2015 a Dª M** para a reforma e ampliación de galpón existente para destinalo a vivenda unifamiliar e bar cafetería (expte. 142/2015), por causa de ter transcorrido o prazo máximo para iniciar e rematar as obras.

SEGUNDO.- Estimar parcialmente a solicitude de devolución de ingresos tributarios formulada por Dª M**, declarando o dereito á devolución da cantidade de 2.649,61 euros a en concepto de ICIO por non terse executado a obra que motivou a súa liquidación e desestimando a devolución de 331,20 euros en concepto de taxa de tramitación posto que a solicitude de licenza urbanística foi tramitada e xerou a correspondente actividade administrativa, realizándose o feito impositivo da taxa.

TERCEIRO.- Notificar esta resolución ao interesado co réxime de recursos aplicables e dar conta á Tesouraría municipal para os efectos oportunos.”

2.4) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR. EXPEDIENTE 435/2006.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a resolución do expediente administrativo en virtude da delegación efectuada por resolución da Alcaldía- Presidencia núm. 406/2015, do 18 de xuño.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en data 16/02/2007, lle outorgou a D. J**licenza de obra para construír un edificio composto de dous sotos, baixo e tres andares e ático, para 35 vivendas e 5 oficinas, na rúa Outeiro Alto de Porto do Son (expte. 435/2006), licenza que foi transmitida a DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN, S.A. e que a Xunta de Goberno Local, en data 06/05/2010, lle outorgou a esa sociedade unha prórroga de 3 anos para o remate da obra.

Visto que ao día da data a obra autorizada pola licenza outorgada no expte. 435/2006 se atopa sen rematar e paralizada a súa execución desde fai máis dun ano e medio, sen que conste



actividade ningunha por parte do promotor dirixida á terminación da obra autorizada, e tendo en conta que transcorreu amplamente o prazo da derradeira prórroga da licenza de obra outorgada.

Visto o informe de Secretaría do 23/12/2016 no que se concluíu que *“procede iniciar o procedemento para a declaración de caducidade da licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local o 16/02/2007 (expte. 435/2006) para construír un edificio composto de dous sotos, baixo e tres andares e ático, para 35 vivendas e 5 oficinas, na Rúa Outeiro Alto (Porto do Son)”*.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria de data de 26/12/2016, acordou:

“PRIMEIRO.- *Iniciar o procedemento para declarar a caducidade da licenza de obras outorgada para pola Xunta de Goberno Local o 16/02/2007 no expediente núm. 435/2006 para construír un edificio composto de dous sotos, baixo e tres andares e ático, para 35 vivendas e 5 oficinas, na rúa Outeiro Alto de Porto do Son.*

SEGUNDO.- *Outorgar aos interesados trámite de audiencia por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, para que poida formular as alegacións e presentar os xustificantes que estime pertinentes ao seu dereito.*

TERCEIRO.- *Notificar a presente resolución ao interesado co réxime de recursos aplicables.”*

Visto que o anterior acordo foi notificado mediante anuncio publicado no Taboleiro Edictal Único (TEU) do BOE de data 27/01/2017, por resultar descoñecido o domicilio do interesado, e tendo en conta que durante o prazo de audiencia outorgado non se formulou alegación ningunha.

Considerando que o artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), vixente no momento de outorgarse a licenza e a súa prórroga, sinala que *“no acto de outorgamento da licenza determinaranse os prazos de caducidade das licenzas de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas.*

No seu defecto o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses”.

Considerando que o art. 197.3 LOUG establece que *“a caducidade será declarada pola Administración municipal previo procedemento con audiencia do interesado”* e tendo en conta que durante o prazo outorgado non se formularon alegacións.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local o 16/02/2007 para construír un edificio composto de dous sotos, baixo e tres andares e ático, para 35 vivendas e cinco oficinas na rúa Outeiro Alto de Porto do Son (expte. 435/2006) da que é titular DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN, S.A., por causa de ter transcorrido o prazo máximo para iniciar e rematar as obras.

SEGUNDO.- Notificar esta resolución ao interesado co réxime de recursos aplicables.”



4. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **09:30 horas**, do día **2 de marzo de 2017**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García